

Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALVATERRA DE MIÑO**Ordenanzas e Regulamentos**

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE MERCADOS

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño, na sesión extraordinaria e urxente, que tivo lugar o día 02 de novembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos servizos de mercados.

En cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos servizos de mercados do Concello de Salvaterra de Miño, someteuse a información pública mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 221, de data 16 de novembro de 2021, e no diario "FARO DE VIGO", de data 10 de novembro de 2021, uns dos de maior tirada da provincia de Pontevedra, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 16 de novembro de 2021 e finalizando o día 30 de decembro de 2021 (ambos inclusive)

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, enténdese definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos servizos de mercados do Concello de Salvaterra de Miño.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos servizos de mercados do Concello de Salvaterra de Miño, aprobadas polo Pleno do Concello de Salvaterra, na sesión extraordinaria e urxente, do día 02 de novembro de 2021, e que son as seguintes:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE MERCADO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Salvaterra de Miño establece a Taxa por prestación de servizos nos mercados municipais, a que se refire o artigo 20. 4u) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:9ZDNFHBWMBWT4BXV



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de mercados, especificados na tarifa de esta Taxa.

Esta Ordenanza Fiscal é de aplicación a Praza de abastos de titularidade municipal.

ARTIGO 3. EXACCIÓNS, REDUCCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor sexa outorgada a licenza ou concesión de posto, quen realice a venda e, en xeral, os usuarios dos servizos suxeitos ao pagamento da taxa, conforme ao artigo 6.

ARTIGO 5. RESPONSABLES.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE.

A determinación da contía que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa, en cuxa concreción se terán en conta a situación do mercado, o destino dos postos e locais e a súa superficie, conforme ao establecido no artigo seguinte.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase, de conformidade co establecido no artigo anterior, por unha contía fixa de acordo coa tarifa que contén o táboa seguinte:

POSTO	METROS	COEFICIENTE	COTA MESUAL (euros)
1. Peixaría	11'95	5'40	39'10
2. Cafetería	31'98	14'45	104'63
3. Carnicería	16	7'23	52'35
4. Carnicería	16	7'23	52'35
5. Alimentación	16	7'23	52'35
6. Libre	8'25	3'73	26'99
7. Froitería	8'11	3'66	26'53
8. Froitería	8'11	3'66	26'53
9. Charcutería	8'25	3'73	26'99
10. Libre	16	7'23	52'35
11. Panadería	16	7'23	52'35
12. Asados	16	7'23	52'35
13. Conxelados	17'76	8'02	58'10
14. Libre	15	6'78	49'07
15. Peixaría	11'95	5'40	39'10
16. Bancadas (x8)	2	0'90	6'54/mes
17. Bancadas (x8)	2	0'90	0'98/día
Cámaras (0'2 cent/día)			6 E/mes/posto

Postos exteriores (entre 3 min. y 6 máx.) 8 días/mes	0'98 Euros/día
--	----------------

Asemade indicar que a enumeración dos postos indicados na táboa anterior corresponde segundo a distribución do inmovible de dereita a esquerda.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ARTIGO 8. PERIODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír:

a) Respecto do canon mensual e as cotas por venda en postos fixos periódicos, xeraranse o primeiro día de cada ano natural. Excepto cando se produza a alta no padrón, caso no que a percepción producírase a partir dese mesmo mes.

b) As cotas por venda de postos non periódicos no recinto do mercado xeraranse no momento de outorgarse a preceptiva autorización, e esixírase o seu pago anticipado.

c) Respecto dos demais servizos, no momento da súa prestación.

ARTIGO 9. PAGAMENTO E LIQUIDACIÓN

O pagamento de esta taxa realizarase:

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

Cando se trate de liquidación cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestalo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesouraría municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

Cando se trate de liquidación cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.

1. ADXUDICACIÓN DE POSTOS.

a) A solicitude realizarase por escrito na que se terá que detallar o tipo de servizo e o lugar para o que se solicita.

b) A adxudicación de postos fixos nos mercados municipais e a expedición das oportunas licenzas realizarase de acordo coas normas contidas no prego de condicións que regule a poxa da concesión.

c) O desenvolvemento da poxa e a adxudicación da concesión realizarase de acordo coas normas que regulan a contratación administrativa e os licitadores e adxudicatarios deberán formalizar as fianzas provisionais e definitivas previstas en tales disposicións.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

A fianza definitiva responderá do pago do canon mensual e das demais obrigas que incumben ao adxudicatario.

d) O Concello tramitará os procedementos de adxudicación, traspaso, alta e baixa dos postos e comunicará as resolucións adoptadas aos servizos de xestión tributaria para os efectos de modificar o padrón da taxa.

e) A duración das concesións e licenzas será a que se determine nos respectivos pregos de condicións.

A prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

2. TRASPASOS.

a) Os concesionarios de postos que, antes de finalizar o período de concesión, transmitan os seus dereitos sobre o posto, deberán obter a previa autorización do Concello de Salvaterra e axustarse ás normas contidas no Regulamento de mercados. Ademais de esixirá o depósito previo do importe das taxas correspondentes ao traspaso. Os suxeitos pasivos realizarán a autoliquidación de devanditas taxas.

b) O Concello ostenta dereito de tenteo nos traspasos de posto.

c) O adquirente dun posto mediante traspaso, deberá formalizar fianza.

d) As permutas que se realicen entre titulares de distintos postos terán a mesma consideración cós traspasos e a liquidación de dereitos efectuarase unicamente sobre o posto que apareza con máis valor nas tarifas desta ordenanza.

e) Non poderán ser adquirentes no caso de traspasos aquelas persoas ou entidades que fosen titulares de concesións anteriores extinguidas por falta de pago dos dereitos.

Os obrigados ao pagamento quedarán requiridos para o pago das cotas trimestrais a partir do primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIONS FINAIS

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2013 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Unha vez introducidas na Ordenanza as citadas modificacións, aprobadas polo Pleno na sesión do día 02 de novembro de 2021, que entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o texto refundido da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos servizos de mercados, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 221, de data 16 de novembro de 2021, queda como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE MERCADO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Salvaterra de Miño establece a Taxa por prestación de servizos nos mercados municipais, a que se refire o artigo 20. 4u) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de mercados, especificados na tarifa de esta Taxa.

Esta Ordenanza Fiscal é de aplicación a Praza de abastos de titularidade municipal.

ARTIGO 3. EXACCIÓNS, REDUCCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor sexa outorgada a licenza ou concesión de posto, quen realice a venda e, en xeral, os usuarios dos servizos suxeitos ao pagamento da taxa, conforme ao artigo 6.

ARTIGO 5. RESPONSABLES.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE.

A determinación da contía que hai que pagar realizarase mediante o sistema de cota fixa, en cuxa concreción se terán en conta a situación do mercado, o destino dos postos e locais e a súa superficie, conforme ao establecido no artigo seguinte.

ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase, de conformidade co establecido no artigo anterior, por unha contía fixa de acordo coa tarifa que contén o táboa seguinte:

POSTO	METROS	COEFICIENTE	COTA MESUAL (euros)
18. Peixaría	11'95	5'40	39'10
19. Cafetería	31'98	14'45	104'63
20. Carnicería	16	7'23	52'35
21. Carnicería	16	7'23	52'35
22. Alimentación	16	7'23	52'35
23. Libre	8'25	3'73	26'99
24. Froitería	8'11	3'66	26'53
25. Froitería	8'11	3'66	26'53
26. Charcutería	8'25	3'73	26'99
27. Libre	16	7'23	52'35
28. Panadería	16	7'23	52'35
29. Asados	16	7'23	52'35
30. Conxelados	17'76	8'02	58'10
31. Libre	15	6'78	49'07
32. Peixaría	11'95	5'40	39'10
33. Bancadas (x8)	2	0'90	6'54/mes
34. Bancadas (x8)	2	0'90	0'98/día
Cámaras (0'2 cent/día)			6 E/mes/posto

Postos exteriores (entre 3 min. y 6 máx.) 8 días/mes	0'98 Euros/día
--	----------------



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

Asemade indicar que a enumeración dos postos indicados na táboa anterior corresponde segundo a distribución do inmovible de dereita a esquerda.

ARTIGO 8. PERIODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír:

a) Respecto do canon mensual e as cotas por venda en postos fixos periódicos, xeraranse o primeiro día de cada ano natural. Excepto cando se produza a alta no padrón, caso no que a percepción producírase a partir dese mesmo mes.

b) As cotas por venda de postos non periódicos no recinto do mercado xeraranse no momento de outorgarse a preceptiva autorización, e esixírase o seu pago anticipado.

c) Respecto dos demais servizos, no momento da súa prestación.

ARTIGO 9. PAGAMENTO E LIQUIDACIÓN

O pagamento de esta taxa realizarase:

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

Cando se trate de liquidación cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestalo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesouraría municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

Cando se trate de liquidación cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.

1. ADXUDICACIÓN DE POSTOS.

a) A solicitude realizarase por escrito na que se terá que detallar o tipo de servizo e o lugar para o que se solicita.

b) A adxudicación de postos fixos nos mercados municipais e a expedición das oportunas licenzas realizarase de acordo coas normas contidas no prego de condicións que regule a poxa da concesión.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

c) O desenvolvemento da poxa e a adxudicación da concesión realizarase de acordo coas normas que regulan a contratación administrativa e os licitadores e adxudicatarios deberán formalizar as fianzas provisionais e definitivas previstas en tales disposicións.

A fianza definitiva responderá do pago do canon mensual e das demais obrigas que incumben ao adxudicatario.

d) O Concello tramitará os procedementos de adxudicación, traspaso, alta e baixa dos postos e comunicará as resolucións adoptadas aos servizos de xestión tributaria para os efectos de modificar o padrón da taxa.

e) A duración das concesións e licenzas será a que se determine nos respectivos pregos de condicións.

A prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

2. TRASPASOS.

a) Os concesionarios de postos que, antes de finalizar o período de concesión, transmitan os seus dereitos sobre o posto, deberán obter a previa autorización do Concello de Salvaterra e axustarse ás normas contidas no Regulamento de mercados. Ademais de esixirá o depósito previo do importe das taxas correspondentes ao traspaso. Os suxeitos pasivos realizarán a autoliquidación de devanditas taxas.

b) O Concello ostenta dereito de tenteo nos traspasos de posto.

c) O adquirente dun posto mediante traspaso, deberá formalizar fianza.

d) As permutas que se realicen entre titulares de distintos postos terán a mesma consideración cós traspasos e a liquidación de dereitos efectuarase unicamente sobre o posto que apareza con máis valor nas tarifas desta ordenanza.

e) Non poderán ser adquirentes no caso de traspasos aquelas persoas ou entidades que fosen titulares de concesións anteriores extinguidas por falta de pago dos dereitos.

Os obrigados ao pagamento quedarán requiridos para o pago das cotas trimestrais a partir do primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

DISPOSICIONS FINAIS

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2013 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

As precedentes modificacións, entrarán en vigor o mesmo día da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Recursos procedentes:

Contra este acordo de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polos servizos de mercados do Concello de Salvaterra de Miño, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interperse polos interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Alcaldesa — Marta Valcárcel Gómez

Documento asinado dixitalmente á marxe.

